



Prohibido entrar
con vehículos a
motor ou cabalos



Non marcar, pintar
nin con xiz



Non estragar as
instalacións



Non pisar
as rochas



Non botar lixo



Non facer lume

NON SE PODEN PINTAR NIN MARCAR OS PETRÓGLIFOS

Procura non pisar as rochas (os gravados teñen máis de 4.000 anos!). Está prohibido pasar con vehículos a motor ou bicicletas por enriba dos petróglifos. Non se poden realizar prospeccións, nin escavacións do terreo. Non se poden efectuar obras, nin desterres, nin movementos de terra, incluída a corta de árbores, nos arredores dun xacemento. As limpeza e rozados do monte deben ser manuais e controlados por persoas tituladas en arqueoloxía.

PROTECCIÓN LEGAL

Todos os gravados rupestres están considerados como Bens de Interese Cultural e reciben a máxima protección da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

RECOMENDACIÓN PARA AS VISITAS

Para ver os gravados con claridade é mellor acudir ao monte nas primeiras horas do día, no amencer, ou no solpor, cando os raios do sol caen declinando sobre o soporte acentuando a sombra do gravado. Ou á noite coa axuda dunha lanterna.



DOUS, ou DÚAS, ARTISTAS

Nos petróglifos de Ballotes podemos percibir claramente a actuación de dous artistas diferentes segundo o estilo de representación dos cervos.





Farían as representacións nun mesmo momento ou pasarían moitos anos entre unhas e outras? Realizaríanas na mesma xornada, durante o mesmo ritual? Terían as mesmas motivacións?

MOTIVOS REPRESENTADOS

Neste grupo de petróglifos atopamos unha boa mostra da iconografía rupestre galega, coa presenza de diversos tipos de combinacións circulares e representacións de cérvidos e équidos de gran realismo, entre os que destaca unha posible escena de equitación. Asemade, existen motivos complementarios como son as cazoletas e outros indeterminados.

A ORIENTACIÓN

O lugar elixido para as representacións artísticas dos Ballotes ten unha clara orientación ao solpor, cunhas vistas panorámicas abraiantes sobre a ría de Arousa.



● gravado descuberto tras o estudo con
fotogrametría en maio de 2017

● Gravados modernos

FICHA TÉCNICA

Nome: Petróglifos dos Ballotes
Lugar: Salgueiral
Parroquia: S. Xes de Bamio
Concello: Vilagarcía de Arousa
Provincia: Pontevedra
Cronoloxía: Calcolítico / Idade do Bronce (2.500 – 1.700 a.C.)
Localización: UTM-X (WGS84): 519.309
UTM-Y (WGS84): 4.719.182




AUDIOGUÍA

PETRÓGLIFOS DOS BALLOTES

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Concello de
Vilagarcía
de Arousa


Plano



Fotogrametría

A fotogrametría é unha técnica para determinar as propiedades xeométricas dos obxectos e as situacións espaciais a partir de imaxes fotográficas.

O resultado é unha representación perfecta da rocha que remarca en sombras todo o seu relevo, e amosa todos os gravados que a simple vista nos pasarían desapercibidos.



Fotografía nocturna



A luz artificial focalizada sobre os gravados de noite, e unha cámara dixital cunha exposición prolongada, ofrecen representacións fotográficas insólitas dos gravados.

Intervención de limpeza

Por estar a intemperie é necesaria unha limpeza puntual periodicamente; que se realiza en seco con cepillos brandos, materiais autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.



Pedra do Encanto
(Pedra dos Meadelos)

A escasos metros de Ballotes, xunto á estrada, e vinculados en todas as investigacións, están os petróglifos da Pedra do Encanto.



Grupo Galaico da Arte Rupestre

Os petróglifos galegos presentan unhas características propias que permiten a súa individualización dentro da arte rupestre europea.

Distribución: Estendidos por toda Galicia e norte de Portugal, cunha maior concentración nas Rías Baixas.

Soporte: Motivos gravados primordialmente sobre afloramentos de rochas graníticas.

Temática: Diferéncianse os motivos naturalistas en forma de zoomorfos (équidos e cérvidos) e armamento (puñais, espadas, alabardas...); e os esquemáticos-xeométricos (espirais, combinacións circulares, caviñas...).

Factura: Gravados profundos e anchos realizados con ferramentas de pedra.



Representación dun labirinto nun mosaico romano de Conimbriga, Coimbra (Portugal)



Outeiro dos Cogoludos, Campo Lameiro (Pontevedra)



Derrynablaha, County Kerry (Irlanda)



Mogor, Marín (Pontevedra)

Evolución da investigación

O Conxunto de petróglifos dos Ballotes é sen dúbida un dos xacementos arqueolóxicos que maior interese suscitou por parte da investigación; os seus gravados figuran entre os primeiros atopados e documentados.





Ilustración de Enrique Campo Sobrino de 1907




Representación dos gravados realizada por Gil y Casal en 1916



Fotografía de Enmanuel Anati nos anos 60 do séc. XX



Calco realizado por A. de la Peña, nos anos 80 do séc. XX



Fotogrametría realizada en maio de 2017 por Citania Arqueoloxía